

Cada vez aparecen máis voces críticas que demandan un cambio no xeito de habitar e de afrontar a xestión do hábitat, e dun dereito universal como é a vivenda, e que como tal, ha de estar lonxe da especulación e do lucro.

Unha das cuestións invisibilizadas no habitar das nosas sociedades é a diversidade da poboación, que se traduce na escaseza dunha oferta de vivendas que faciliten o benestar e a autonomía de tódalas persoas, sendo preciso pensar o hábitat dende o deseño universal. No mesmo sentido, o elevado impacto ambiental do sector da construción e dos hábitos cotiáns tampouco é un factor que se teña en conta na medida axeitada. Finalmente, hai que destacar a necesidade de promover unha cidadanía activa e responsable, participante da definición e a xestión do seu propio hábitat nas distintas escalas.

Dende a administración, é importante traballar no deseño e implementación de novas políticas públicas no eido do Dereito a un hábitat digno, que podan axudar a revertir décadas de desinterese institucional e de mercantilización da Vivenda.

Consideramos que o impulso institucional é imprescindible pero non suficiente; para mudar o modelo socioeconómico que xira arredor da vivenda é preciso contar coa cidadanía organizada e a súa implicación.

Neste sentido, xorden estas xornadas interdisciplinares, organizadas polo Concello da Coruña e pola iniciativa Outra Forma de Vivenda, co obxectivo de reflexionar desde o colectivo sobre os novos modelos de vivenda, o papel da cidadanía no deseño e construción do seu propio hábitat, ou o rol das institucións como impulsoras destas novas fórmulas.

As xornadas servirán para comparar modelos de éxito, xerar ideas e ofrecer solucións, así como para profundizar sobre aspectos clave como a accesibilidade universal, a vida comunitaria (no eido da axuda mutua, os espazos compartidos e a relación co barrio) e a sustentabilidade, sempre partindo do dereito á vivenda como dereito universal.

OUTRA FORMA DE VIVENDA É POSIBLE

Iniciativas cidadás
e políticas públicas para un hábitat digno

16 e 17 de xuño de 2017

organiza



CORUÑA
>PRÓXIMA



Centro Ágora

Lugar da Gramela 17,
15010 A Coruña

Máis información:

www.outraformadevivenda.org | info@otraformadevivenda.org

Venres 16 de xuño

17:00 - 21:00h

17:00 / Acolida e presentación das xornadas

Xiao Varela.

Concelleiro de Rexeneración Urbana e Dereito á Vivenda do Concello da Coruña

Rocío Fraga.

Concelleira de Igualdade e Diversidade do Concello da Coruña

Olga Burque.

Outra Forma de Vivenda

17:30 / Mesa 1: O papel das institucións. O público como axente facilitador e impulsor de novos modelos de vivenda

Presenta e modera: Estefanía Calo.

Contexto e análise das políticas de vivenda

Ignacio Tremiño.

Deputado Nacional por Valladolid e Portavoz do Grupo Popular na comisión para as políticas integrais da discapacidade

Alba Paz.

Subdirectora Xeral de Economía Social da Xunta de Galicia

Pausa café (18:50 a 19:10)

Xosé Allegue.

Arquitecto

Ricard Fernández Ontiveros.

Xerente de Dereitos Sociais do Concello de Barcelona

Máis información:

www.outraformadevivenda.org

info@outraformadevivenda.org

Haberá servizo de conciliación/ludoteca (de 4 a 12 anos) previa inscrición a través do correo e intérprete de lingua de signos.

Entrada libre ata completar aforo.

Sábado 17 de xuño

10:00 - 18:30h

10:00 / Mesa 2: O papel da cidadanía, construíndo dende abaixo

Presenta e modera: Emma López Bahut.

Alternativas na vivenda colectiva dende a autoxestión da cidadanía

Ramón Segura e Rosalidia Álvarez.

Outra Forma de Vivenda (A Coruña)

Iñaki Alonso.

Socio fundador e arquitecto da cooperativa Entrepatrios (Madrid)

Joana G. Grenzner e Joan Gual.

Cooperativa La Borda (Barcelona)

Pausa café (12:00 a 12:30)

12:30 / Mesa 3: Outra forma de vivenda é posible: accesibilidade universal, vida comunitaria e sustentabilidade

Presenta e modera: Antía Pérez Caramés.

Da sustentabilidade da vida á vivenda sustentable

Paloma Rodríguez Villegas e Baudilia Lozano González.

Centro Social de Convivencia para Maiores Trabensol (Madrid)

Concepción Vilas Fernández.

Traballadora Social responsable da Unidade de Lesionados Medulares do CHUAC

Juan Bello.

Arquitecto Técnico experto en sustentabilidade

Pausa do xantar (14:00 a 16:00)

16:00 / Mesa 4: Acompañamento profesional: a xestión e o financiamento

Presenta e modera: Suso Cano.

Os piares técnicos para disfrutar dunha vivenda digna

Leo Bensadón.

Socio director de Cohousing Verde

Raül Robert.

Presidente de Cohabitar e socio-fundador de Sostre Cívica

Ramón Carmelo Rodríguez Padín.

Secretaría Técnica de Coop57

Alfredo Losada.

Git Galiza Norte de Fiare Banca Ética

17:30 / Dinámica participativa: obxectivos e conclusións

18:30 / Peche das xornadas